

## Desnortados Dunha xeira áspera e dura

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Do maxín e capacidade fabuladora de Xosé Fernández Ferreiro, e seguramente tamén das súas propias experiencias vitais, chéganos esta nova entrega narrativa, *Tempo de centeo*. O escritor de Nogueira de Ramuín e membro fundador do grupo Brais Pinto é un autor prolífico e versátil, sobre todo nos eidos narrativos. Forxado nas ferrias da lírica e do xornalismo, fixo a súa estreia no campo da narrativa coa peza que soe ser considerada a primeira novela galega do Oeste, *A morte de Frank González* (1975). Desde entón Fernández Ferreiro ten experimentado con moitos subxéneros e rexistros, desde a ciencia ficción e a novela psicolóxica ás narracións de ton memorialístico. Unha narrativa ampla e variada que sempre se singularizou pola seriedade e decoro da súa escrita.

*Tempo de centeo* sūtárase dalgunha maneira coa narrativa do autor de tonalidade memorialística, inaugurada con *A cea aberto*. Historias de xentes correntes que desenvolven o día a día das súas vidas anónimas na aspereza sufocante da cidade sen xamais poder fuxir dos engados, sen dúbida utópicos, da aldea da súa infancia, sobre to-

do naqueles duros tempos do centeo das décadas corenta e cincuenta do pasado século. A novela achéganos, en efecto, á adolescencia dun rapaz, fillo de quincalleiros, que chega a Ourense procedente do berce da súa aldeia natal na compañía da súa nai a finais da década dos corenta. Naquel Ourense provinciano, pequeno e beato no que a sirena da Fundición Malingre esperta á cidade, ao rapaz tímido, pouco falanguero e pesimista, cóstalle adaptarse. A aldea é para o protagonista o paradigma da felicidade, se ben o autor non a idealiza cos tópicos resabidos, facendo da mesma unha arcadía feliz. Na aldea a fame estaba sempre cabo da porta e na hostilidade

panteista do mundo rural viven pobres criaturas, sobre todo mulleres. Pouco a pouco porén o protagonista vai pousando na cidade, sostido polas súas dúas grandes paixóns: o amor platónico por unha rapaza e os engados do

cine. Un final no que sucede o que tiña que suceder, remata con todos os soños do protagonista, asolagados sen remedio.

Novela pois de aprendizaxe da vida dun desnortado nun tempo áspero e duro, que dá conta das experiencias iniciáticas, da educación sentimental nese tempo arraián entre a adolescencia e a idade adulta. Literatura sen trampa nin cartón, que non escamotea a verdadeira realidade de Galicia nos anos da fame. Libro de pouco colorido, de ceos anubrados, de historias case que sempre pesimistas, desenvolvidas, no plano técnico, cunha arquitectura sinxela e lineal e coa ferramenta dun estilo natural e diáfano, sen demasiados enfeites e adobios artificiais. Como foi sempre a escrita de Fernández Ferreiro.



FERNÁNDEZ FERREIRO,  
*Xosé, Tempo de centeo*, Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP 16,50€

## Man mestra Cartografía das palabras

MARGA ROMERO

Hai moitas razóns para propoñer a lectura deste primeiro libro de poesía que nos chega de Dores Tembrás, é un poemario que (con)mova pola fermosura das imaxes, polos segredos das palabras que nos conducen a un mundo onírico que, por veces, se achega á maravilla que adoita envolver as imaxes que nos trasladan ao pasado. Sei que estes poemas posuarán na nosa memoria lectora, na mesma na que acougan e, de cando en vez, avivan como o lume os versos de *Hundidosas* de Emma Couceiro, os do mundo dos furados de María Mariño, xa os máis recentes de Olalla Cociña en *O libro de Alicia*, todos eles enredándose, para "(des)aprender" nos de Alejandra Pizarnik ou nos de Emyli Dickinson; velaí a escrita para atrapar a loita entre a palabra e o silencio, entre perder ou atrapar a perda; poemas que lle contestan á Rosalía que se pregunta para que escribe palabras e palabras. Poemas que nos

inclúen como lectores e lectoras, semella que falan de nós, aprendendo a facer a letra dereita para construírmos unha "cartografía de palabras", cicatrices na pel que nos falan das "espiñas da infancia/ aínda infectas". É un libro da patria da infancia que só ten como territorio a memoria que "zurcirá os espazos en branco", dese pasado que "regresa sempre cheo/ de trampas adoráveis/ elaboradas con premeditación e aleivosía", é o libro dun mundo que só existe neste libro, na man que escribe e xa non fai caligrafía e nas cicatrices e pegadas doutras vidas que van no corpo que leva a man que escribe. No conto de hoxe "Carrapuchiña adicase á moda/ e marca tenden-



xismo necesario: "recuperar a desmemoria da familia léxica chuvia/ e descubrireme impermeábel/ enmudecer ante as novas palabras/ que me atordan". A man que escribun, foi man de lavadeira e de modista, man mestra dos patróns e das tesouras, man que salva para sempre a perda.

TEMBRÁS, Dores, *O pouso de lume*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 14€

## Lectura múltiple

A loita armada como tese

PILAR PONTE

A lectura da obra *A perspectiva desde a porta* de Patricia A. Janeiro vén precedida da polémica sobre a súa publicación, máis ben, sobre a non publicación por parte de Xerais deste título que quedara finalista no Premio Xerais de Novela de 2007. Consideracións comerciais á marxe, ignoro se esta estratexia publicitaria está a funcionar ou non, escaso favor se lle fai á autora cando practicamente só se fala da súa obra na súa condición de texto ideoloxicamente perigoso ignorando os seus valores literarios, que os ten.

Janeiro recrea a realidade desde o punto de vista dos activistas independentistas e en función desta óptica establece o grupo dos bos e o grupo dos malos. No primeiro, o máis numeroso, están os protagonistas e aquelas outras personaxes que se moven ao seu redor. Mentres, os malos son moi poucos e preséntanse unidos polo denominador común da traizón. Esta formulación da obra como tese política leva á autora nalgunha ocasión illada a sacrificar



o ritmo da historia para inserir algún que outro tópico sobre os comportamentos sociais dos intelectuais na transición. Neste mesmo plano situamos a de-

nuncia explícita sobre a tortura nos centros penais ou o funcionamento da censura informativa. Doutra banda, a acertada dosificación da información achega o texto ao xénero escapista da intriga.

Visto a grandes trazos, o aspecto que máis ten chamado a atención, sería interesante sinalarmos outras posibles lecturas da obra, non excluíntes da anterior que poderíamos considerar moito máis ricas desde o punto de vista literario. *A perspectiva desde a porta* é, sobre todo, unha historia de saga familiar onde se nos van debuxando devagar as diferentes pólas da árbore xenealóxica de Nadia marcadas nomeadamente por personaxes femininas que por un motivo ou outro acochan algún momento trágico na súa traxectoria vital.

Estas historias veñen confluír en Nadia, que experimenta un momento de indefinición vital que se reflicte en diferentes aspectos da súa vida (a relación matrimonial, a condición de nai, a vía escapista do sexo, o traballo, a ascusión do pasado familiar...) e que fan dela o fio condutor da novela. E, asemade, o libro é unha compilación de historias de amores difíciles.

A obra estrutúrase en tres planos temporais que se alternan: o do presente da protagonista, Nadia, no ano 2005 que recrea sen nomeala a Operación Castiñeira como a autora ten sinalado nas presentacións da obra, un momento puntual do pasado de seus pais no ano 1976, e un terceiro plano que no canto de evocar un momento puntual evoluciona ao longo da novela para dar conta da historia da familia da protagonista.

Podemos dicir que este libro, máis ca outros, ofrece múltiples lecturas segundo se movan nunha dirección ou noutra os intereses de quen le e sen que iso implique unha perda de calidade literaria. Reivindicamos nesta ocasión o valor do texto literario en si mesmo porque ha de ser iso e non outra cousa o que o faga permanecer ou non na nosa lembranza.

JANEIRO, Patricia A., *A perspectiva desde a porta*, Ed. Positivas, Santiago, 2009, PVP 15€